

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/17	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

5 de decembro de 2024

Duración:

Desde as 20:36 ata as 21:42

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

GONZALO LOUZAO DONO

Secretaria acctal.:

MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ



	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS (secretaria acctal)	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE NOVEMBRO DE 2024

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 7617/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN A PARALIZACIÓN DO PROXECTO DE PEATONALIZACIÓN DA PRAZA DE GALICIA

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria Votos a favor: 1. Votos en contra: 18. Abstención: 1
---------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Moción presentada con data 08/11/2024 (registro de entrada 2024-E-RPLN-7) polo grupo municipal do BNG, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“ Nos últimos anos a vila do noso concello vén sendo obxectivo dunha serie de obras por parte do goberno municipal que nada ten a ver coas necesidades dos veciños e veciñas. A maioría das obras fixéronse través do financiamento do plan EDUSI ou da Axenda Urbana, fondos europeos que limitan a capacidade de actuación do goberno municipal e xa non digamos dos veciños e veciñas, a pesar de que nos dous casos se revisten as actuación dunha participación cidadá que non é tal, xa que todos os proxectos están





deseñados pola consultora IDOM, unha empresa transnacional con total descoñecemento do noso concello e das nosas necesidades.

Só a reforma e ampliación da Alameda, a reforma da praza da feira, os baños intelixentes, as pantallas dos aparcadoiros... suman máis de 4 millóns de euros gastados nas actuacións que o goberno municipal do PP acometeu con cargo a estes proxectos, que á vista dos feitos non supón termos unha vila máis accesíbel, máis habitábel ou máis intelixente, como nos vende o goberno municipal. Ao contrario, o que temos son unha serie de gastos faraónicos, que o PP acomete case sempre nos mesmos espazos nos que ano tras ano constrúe, destrúe e volve a construír (praza do concello, Calvo Sotelo, Praza da Feira, etc), abandonando o resto de rúas, e xa non digamos o resto do noso concello, que é maioritariamente rural, onde hai carencias importantes como o saneamento.

Dentro destas obras para a galería que pretende executar o goberno municipal tamén se atopa a reforma da Praza da Farola. A última actuación neste espazo data de hai 20 anos, e a pesar de que a praza está en perfecto estado, o PP ten previsto gastar neste proxecto 1.200.000 euros. Esta obra pretende converter o centro da vila nun gran espazo lúdico-festivo, -outro máis, que se suma á Praza da Feira ou á Praza do Concello-, arrombando a unha esquina onde non moleste o elemento simbólico que lle dá nome popularmente a esta praza, a farola. Así, de executarse o proxecto previsto polo goberno municipal do PP a vila terá outra praza para grandes eventos, mais será unha praza sen alma, á que se lle arrebatou un anaco -outro máis- da nosa memoria colectiva.

Se só sumamos o custe das actuacións enumeradas neste texto, temos que o goberno municipal do PP gastará máis de 5 millóns de euros nunha obras que non melloraron o caos urbanístico, que non melloraron o caos de tráfico da nosa vila, que non abriu novas rúas, incrementando o solo edificábel para por exemplo edificar vivenda pública, máis asequíbel para os nosos veciños e veciñas; estas actuacións tampouco supuxeron un incremento dos ingresos do concello, ao contrario, trouxeron máis gasto (só para a Alameda o concello desembolsou 1.794.635 euros).

Entendemos, polo tanto, que cómpre cambiar o rumbo, cómpre cambiar de modelo cara unhas actuacións do goberno municipal que atendan as necesidades dos veciños e veciñas, de todos e todas, non só para ter unha vila máis amigábel e accesíbel, senón un rural saneado, vivo e con futuro.

Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:

- 1. A corporación municipal da Estrada insta ao goberno municipal a paralizar a reforma da Praza da Farola.*
- 2. A corporación municipal da Estrada insta ao goberno municipal a acometer nos vindeiros meses e anos as seguintes actuacións:*

En materia de urbanismo:





- *Apertura da rúa que conecta a estrada de Forcarei cara a rúa do Matadoiro desde o entronque desta coa estrada de Ouzande.*
- *Prolongación da Rúa 25 de Xullo até as Colonias, desenvolvendo os polígonos polos que discorre, o que permitiría configurar o espazo urbano na zona nordeste da vila, preservando o entorno do Río Leicures e Esmorís, incluíndoas nunha zona verde; situar unha zona de aparcadoiros na confluencia coa Rúa Leicures para dar servizo á Feira os días de mercado, e reservar terreos provenientes de cesión ao concello para a construción de vivendas de promoción pública.*
- *Apertura da prolongación da rúa Antón Losada até a estrada de Pontevedra completando unha vía de circunvalación entre as Colonias e o Pedregal, alternativa ás existentes.*
- *Apertura da vía da estrada de Forcarei no entronque coa estrada de Ouzande e a avenida de Pontevedra conectándoa coa rúa Fermín Bouza Brei.*
- *Completar as vías transversais que unen estas rúas co trazado viario existente.*

Estas propostas, unha vez executadas, completarían unha trama viaria que contribuiría a desconxestionar o tráfico polo centro da vila e conformar un novo espazo urbano.

En materia de vivenda:

- *Realización dun estudo que determine o número de vivendas desocupadas, a súa titularidade, oferta existente en alugueiro, prezos, demandantes de vivenda e situación económica dos mesmos, para que sirva de base para elaborar un plan de vivenda que satisfaga as necesidades da poboación estradense.*
- *Creación dun parque público de vivendas en alugueiro ao que se poidan incorporar os propietarios particulares que o desexen, complementado coa construción de vivendas de promoción pública na cantidade necesaria para equilibrar a oferta-demanda.*
- *Fixar prezos de referencia, sobre os que se aplicaría un índice de proporcionalidade que adecúe o prezo aos ingresos das persoas usuarias.*
- *Impulsar a creación dun órgano de coordinación entre administracións para canalizar o financiamento e axuda pública necesarias para a execución do Plan Municipal de Vivenda, e mesmo promover as modificacións legais necesarias para legalizar o seu marco.*
- *Activar o PXOM, emprendendo as modificacións precisas para obter solo público para a construción de vivenda social, así como facilitar a edificabilidade en réxime de autopromoción, tanto no casco urbano como no rural.*
- *Promover a recuperación da vivenda desocupada ou en estado de abandono para incorporala ao parque público de vivenda.*

En materia de zonas de lecer:





- *Distribuír polo casco urbano as zonas de lecer para o que se aproveitarán as poucas zonas con arboredo que aínda quedan na vila, cumprindo ou mesmo superando os estándares recomendados na lexislación urbanística nas zonas de expansión urbana.*

No rural:

- *Preservar para a actividade agraria as terras necesarias, en función da súa especial capacidade produtiva e das previsións de utilización no futuro*
- *Delimitar o solo edificábel de acordo ás necesidades de vivenda dos veciños e veciñas do rural e das persoas que se queiran incorporar ao traballo agrícola.*
- *Permitir a construción de vivendas illadas vinculadas ou complementarias a explotacións agrarias, habituais na tipoloxía tradicional galega.*
- *Facilitar a instalación de talleres e pequenas industrias transformadoras da produción rural (serradoiros, agroalimentarias, etc).*
- *Promover a rehabilitación das vivendas rurais desocupadas para promover o seu uso en alugueiro.*
- *Promover a creación de canais de comercialización directa (praza de abastos, feiras sustentábeis, etc) e establecer relacións estables co comercio local de xeito que os produtos do noso agro cheguen ás persoas consumidoras coa mesma facilidade que os de produción allea (froito da produción industrial intensiva) de peor calidade nutricional. Crear marcas identificadoras con órganos de control áxiles e pouco burocratizados.*
- *Promover a creación de pequenas industrias de transformación e conservación dos produtos como medio para aumentar o valor engadido (conservas vexetais, manteigas, queixos e iogures, cogomelos desecados,...).*

En materia de saneamento e residuos:

- *Elaborar un plan integral que aborde o saneamento da totalidade do concello, estude os lugares máis acidos para o emprazamento das depuradoras en función da orografía, reducindo o seu número e utilizando sempre que se poida medios naturais de depuración, fomentando tratamentos individuais o máis optimizados posíbel, nos casos en que a conexión á rede sexa especialmente difícil ou moi custosa.*
- *Mellora dos sumidoiros da vila.*
- *Garantir unha recollida eficaz do lixo, procurando reducir o seu volume, promovendo o tratamento individual dos residuos orgánicos e fomentando a compostaxe. "*

Visto Ditame desfavorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado na sesión celebrada o 29 de novembro de 2024.

Resolución:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Debatido o asunto, sométese a votación, sendo rexeitada a moción polos votos a favor do grupo do BNG, en contra dos do PP e PSdeG-PSOE e a abstención do grupo Mixto (MOVETE).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 4 AO 29 DE NOVEMBRO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 4 e 29 de novembro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1683 ao número 2024-1824 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI: [REDACTED])
- Dña. María Fernanda Barreiro Suárez (DNI: [REDACTED])
- D. José Manuel Valladares Bugallo (Pasaporte: [REDACTED])
- D. Manuel Pose Tato (DNI: [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e corenta e dous minutos do día do seu comezo.





De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace que se sinala a continuación, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/2024/12/10/pleno-concello-de-a-estrada-5-de-diciembre-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

A5F61DD4E6C8A726AA4DFDAF0FAC089495872C1C62E48D7DE78EFFBA3EE931F3

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

